
El bosque animado: o seu paso de columna xornalística a novela, 19 anos despois

El bosque animado: his Transition from Newspaper Column to Novel, 19 Years Later

ÓSCAR REBOIRAS
DOUTOR EN PERIODISMO USC

Un artigo para *El Noroeste*, estando xa en Madrid, Fernández Flórez queixábase de que o “periodismo seca, poco a poco, el alma”. Falaba dun escritor, seguramente el mesmo, con “colaboraciones frecuentes”, que “vivía con el vértigo de la labor apremiadora, imperiosa que no deja vivir ni respirar” (Fernández Flórez, 1914).

A relación de Wenceslao co xornalismo é de amor-odio. Por unha parte dálle fama. Grazas ao escapate que supón escribir en *ABC* e noutros moitos medios, é coñecido a nivel nacional e goza dunha gran popularidade. Por outro lado, permítelle desfrutar dunha boa situación económica porque é dos columnistas mellor pagados. A prensa escrita era o medio de masas por aquel entón. E, como lle confesa a Gómez Santos, unha oportunidade para destacar:

(...) el artículo tiene varias ventajas, que se convierten en gravísimos inconvenientes. Los periódicos tienen, primeramente, la publicación inmediata de cuanto se escribe. Luego dan nombre rápido porque el escritor que acierte tiene rápida difusión de su firma, y después, el cobro inmediato de su trabajo. Son tres ventajas hasta alucinantes para un muchacho que empieza, porque recoge en seguida el fruto. (Gómez Santos, 1958, 12)

Non obstante, esta actividade limitou e minou enormemente o seu afán creativo na literatura, a súa verdadeira paixón. Como indica Rodríguez Yordi: “Su historia periodística es la historia de su vida; lo cultivó siempre y sus últimos escritos fueron dedicados a colaboraciones en prensa” (Rodríguez Yordi, 1974, 113).

O coruñés ten unha sorte de dependencia con periodismo porque se deu a coñecer nas súas páxinas. Ademais, vivir da literatura é un soño que moi

Recibido: 17/09/2020
Aceptado: 08/10/2020

Resumen

A novela máis destacada de Wenceslao Fernández Flórez, *El bosque animado*, non xorde en 1943, senón en 1924 nas páxinas do diario *ABC*. En plena ditadura de Primo de Rivera, o autor debe buscar temas nos que centrar e cumprir coas súas colaboracións na prensa escrita e evitar a censura, que non desexa que se fale de política. Escribe, deste xeito, seis columnas baixo o título de “Por la escondida senda” que son o embrión da súa futura novela.

Palabras clave: Wenceslao Fernández Flórez, *El bosque animado*, *ABC*, Literatura, Periodismo.

Abstract

El bosque animado, Wenceslao Fernández Flórez's most outstanding novel, didn't appear in 1943, but in 1924 on the pages of the newspaper *ABC*. During the dictatorship of Primo de Rivera, the author must find topics allowed by the censorship, which doesn't want political articles. In this way, he writes six columns under the title “Por la escondida” that are the origin of his future novel.

Keywords: Wenceslao Fernández Flórez, *El bosque animado*, *ABC*, Literature, Journalism.

poucos alcanzan. Fronte ás incertas vendas dunha novela, atopa o refuxio seguro da prensa escrita, que adora os seus artigos. Isto xéralle unha certa frustración porque non ten o tempo que lle gustaría para dedicarlle ás súas novelas. Isto é o que comenta González Ruano ao respecto, tras unha conversación con Fernández Flórez:

(...) me habla de sus proyectos para el verano, de sus proyectos literarios. No está en este momento metido en nada. Los artículos le obstaculizan. “Odio los artículos. A mí no me ocurre como a ti. No he podido amarlos nunca”. (González Ruano, 1970, 601)

Confesa que escribe na prensa por obriga. Ten comprometidas moitas colaboracións ao mes. Só hai que pensar que é un dos escritores con maior presenza na prensa escrita, non só polas súas achegas en *ABC*, senón porque as súas columnas se difunden noutros xornais. E, durante o franquismo, incluso conta coa rede de distribución da Prensa do Movemento. Por iso podemos atopar artigos durante toda a súa carreira en máis de 150 publicacións xornalísticas.

–¿No hiciste nada por compromiso, por necesidad de momento, como medio y no como fin?

–Artículos, sí; libros, no. Nunca escribí un libro que no quisiera escribir ni con prisa.

–¿Cuántos artículos haces al mes?

–En principio debo escribir dieciocho, pero casi nunca llego a hacerlos todos. (González Ruano, 2003, 1645)

Se fixésemos dous montóns, un con todo o que publicou en diarios e revistas, e outro onde colocásemos as súas novelas e contos, comprobaríamos como a súa produción xornalística supera con creces a literaria. Non obstante, el vese e verase sempre como un escritor:

Cierta gente opina que yo soy un periodista. Abultado error con el que supongo justificará la tacañería de leerme en un diario, que cuesta unos céntimos, y no en la novela, que cuesta unas pesetas. (Fernández Flórez, 1964, 11)

Fernández Flórez sinala o 16 de xuño de 1921 as diferenzas entre o estilo periodístico e o literario. Incide, unha vez máis, nos límites que fixa o primeiro:

Al periodista se le encierra el alma en moldes estrechos, de los que no puede salirse sin la pérdida inmediata de su destino. En un periódico hay una norma inquebrantable casi siempre impuesta por las conveniencias y las ambiciones de una empresa, y a esa norma se acoplan desde el artículo de fondo hasta la última y más inocente de las noticias. Así se logra que casi todos los periodistas lleguen a la plena madurez de su entendimiento con el alma seca por el escepticismo, perdida la jugosidad, y toda su generosidad también, en las cárceles espirituales por donde haya pasado. Y vamos tejiendo sin fe nuestra obra, dejándonos fecundar de mala gana por espíritus y convicciones en pugna con las nuestras, y por dentro nos reímos de las cuartillas que nacieron de aquella unión en que nuestra alma hizo el papel de Magdalena fácil al dinero.

O autor é consciente da necesidade de tecer unha “obra” que lle permita ser recordado. A prensa xera una fama rápida pero, ao mesmo tempo, efémera. Ninguén lembra as columnas que alguén escribiu hai cinco anos nun periódico por moi destacables que sexan. Pero si queda fixada unha obra literaria. Por iso, mentres pensa sobre que escribir para cumprir coas súas obrigas, pasan os anos e a oportunidade de crear unha novela que lle permita seguir falando cos lectores no futuro:

Para todo el mundo el tiempo es oro; para el escritor español el oro es tiempo. Es verdad también esto. Hace seis años que no publico un libro. Créame que ello me da la sensación, desagradable de que no cumplo mi destino. Lo sufro como una desgracia (1943, 10-11).

Estas declaracións fainas en 1943. Xusto antes de publicar a súa gran novela. Esa que nunca se deixou de reeditar e que hoxe transcende incluso o seu propio nome: *El bosque animado*. Esa “desgracia”, non publicar un libro, tarda só uns meses en transformarse nun fito transcendental dentro da súa “obra”. Ve a luz unha novela que Mainer define como o seu “testamento espiritual”.

Ese testamento non é outro que o amor que o autor sente pola súa Galicia, pola súa xente, polas súas tradicións e paisaxes. Ama profundamente todo lo que soe a galego. Aí conecta co mundo, co seu círculo de amizades (Pardo Bazán, Castelao...), coas historias que coñece dende pequeno, coa tradición oral e rural. Xorden así esas pequenas historias arredor da fraga de Cecebre, onde Wenceslao establece a súa residencia de veraneo.

Para Miguel Martínón no libro hai páxinas moi

valiosas, como las sátiras socio-políticas de las moscas y de los gastos, que son expresión de la ideología de un escritor desilusionado y escéptico. (Y no se puede dejar de decir que se trata de un autor al que su edad le permitió conocer la evolución de la historia de España en el siglo XX y que escribe este libro mientras más allá de las fronteras de su país está teniendo lugar la Segunda Guerra Mundial). (Martínón, 1990, 66-67)

Non obstante, o autor que concibe *El bosque animado* non se encontra en plena madurez creativa e vital. O Wenceslao que imaxina a semente desta novela non cumpriu aínda os 40 anos. Non viviu unha Guerra Civil cruenta nin ten coñecemento da Segunda Guerra Mundial. Si é “escéptico” e vive un tanto “desilusionado”, porque non cre en nada nin en ninguén. A súa etapa como columnista parlamentario nas primeiras “Acotaciones de un oyente”, entre 1916 e 1921, deixoulle un poso de pesimismo e de frustración. Dúas constantes que formarán parte da súa escrita, aínda que escondidas polo seu particular sentido do humor, unha máscara tras a que evidenciar unha realidade amarga e dolorosa.

O Fernández Flórez que imaxina por primeira vez o universo literario de *El bosque animado* está totalmente desencantado pola situación política de España. Pero non vive na ditadura franquista como se cría, senón na de Primo de Rivera.

Está canso das continuas corruptelas entre os partidos gobernantes, do nepotismo, da inactividade no Parlamento, de discursos baleiros... Por esa razón quere darlles as grazas, fiel ao seu estilo, a aqueles que lle permitiron labrarse un nome na prensa diaria. Escríbelles isto só dúas semanas despois do inicio da ditadura de Miguel Primo de Rivera:

¡Un momento, señores políticos licenciados, un momento! No podemos separarnos así, sin despedirnos. ¡Qué diablo! Vosotros fuisteis mis proveedores de crónicas durante mucho tiempo. A vosotros os debo mi pequeña reputación. Habéis hecho tan graciosas locuras que no era preciso apelar a la fantasía para seducir a los lectores. (...) Bien veo que marchasteis con decoro. “¡Que gobiernen ellos!”, dijisteis generosamente cuando os echaron... Siempre es bueno dejar una frase, y vosotros –esta es la verdad, no las habéis regateado nunca. Donde quiera que os pasabais allí dejabais vuestra frase redonda e inútil, como motitas de mosca” (Fernández Flórez, 1923).

Efectivamente, Wenceslao destacou fronte a outros columnistas políticos grazas a contar o que sucedía no Parlamento a través das súas sorprendentes “Acotaciones de un oyente”. Así que moitos de seguro que se preguntan que escribe entre 1923 e 1930, durante a ditadura. Que temas aborda para seguir destacando fronte a outras firmas.

O coruñaés incluso explica que o Directorio militar de Primo de Rivera recomenda aos periodistas que non están “conformes con él” que redacten escritos relativos a outro tipo de cuestións. Do que sexa, pero que eviten falar de política. Deste xeito, coa censura de por medio, Fernández Flórez fai da necesidade unha virtude, saca o xenio que leva dentro e crea na prensa escrita o que é a orixe da súa novela máis coñecida, *El bosque animado*.

É importante destacar que as colaboracións na prensa non desaparecen coa chegada da ditadura de Primo de Rivera. Wenceslao escribe de cuestións simples e complexas. Calquera tema é susceptible de converterse nun artigo. Temas que incluso poderían dar para unha novela, como sinalou nunha entrevista:

–(...) debe ser muy halagüeño saber que tantísima gente se desayuna con los artículos de uno.

–¡Odio el artículo!

–Pero los de usted...

–Quiero decir que odio mis artículos. Yo soy un novelista que ha ido al periódico. En mis trabajos periodísticos he desmenuzado la materia que podría haber constituido varias novelas. (Fernández Flórez, 1946, 9)

Non sabemos se xa tiña a idea gardada para unha novela e a tivo que “malvender” para saciar a fame feroz da prensa diaria. Ou ben se xurdiu sen máis, para poder encher eses ocos nas páxinas que debían levar a súa sinatura. O que si sabemos é que a alma da fraga de Cecebre comeza a alumear as súas historias a mediados de setembro de 1924. Nesa data Fernández Flórez acaba de chegar de Portugal á súa casa de vacacións. Pasa uns días vivindo xunto ao escenario baixo o que se albergan as personaxes que coñeceríamos a través da súa novela e do cine.

En total son seis artigos que aparecen en *ABC* co título de “Por la escondida senda”, baixo o que se agrupan as historias da fraga. Cada un deles ten un subtítulo para contar episodios diferentes; non están relacionadas nin son continuístas.

O primeiro dos artigos aparece o 12 de setembro de 1924, co subtítulo de “La marcha de ‘Carabullo’”. O autor introdúcenos na historia para situar o lector. Pola súa explicación, pode parecer que a idea xorde de forma espontánea, pero nunca hai que confundir ao Wenceslao autor co Wenceslao narrador:

Este otoño, los helechos de la “fraga” de Cecebre no se estremecerán al paso suave, casi inaudible de Carabullo. Carabullo, la pequeña sierpe de color acerado, está ahora... sabe Dios dónde.

Si me permitís, os diré antes de narrar esta historia, que estoy en mi casita aldeana, rodeada de bosques, en la vieja y amada Galicia. Al llegar a ella he leído la nota del Directorio acerca de la censura. El Directorio nos recomienda a los periodistas que no estemos absolutamente conformes con él que escribamos sobre asuntos de medicina, de sociología, de agricultura o de numismática. Mis conocimientos en estas ciencias y en cualquier otra ciencia, no elevarían el nivel cultural de mis lectores. Así, he decidido contarles algo de lo que ocurre bajo la cúpula de pinos y robles de la fraga de Cecebre. Son historias sencillas, casi candorosas, incapaces de atraer sobre ellas ese rayo rojo que tan fácilmente traza el lápiz del censor”.

Tras esta introdución, iníciase a historia dun réptil. Trátase máis propiamente dun conto ou dunha narración oral que dunha columna periodística:

Y ahora, ved lo que ocurrió a Carabullo.

Carabullo era la última sierpe que quedaba en el

bosque. Hubo un tiempo en que no resultaba difícil encontrar uno de estos animales en Abegondo. ¿Cómo habían llegado aquí? Parecer ser que un día pasó una bruja por la aldea y se detuvo a dormir bajo los árboles de la fraga. Al amanecer se peinó y se lavó en una charca que las lluvias formaron en la cavidad de una roca. En el agua de esa charca quedaron siete pelos; y fueron engordando y creciendo, y a los siete días salieron siete serpientes, que después se multiplicaron y se extendieron por el país.

Quen lese *El bosque animado* notaría, tras a lectura deste fragmento, que na novela non hai ningunha serpe chamada Carabullo. É certo. Esta parte non se inclúe na súa posterior obra literaria. A razón podería ser que o ton co que finaliza o artigo rompe co resto de capítulos e coa atmosfera que crea.

Ben é certo que a personaxe si encaixa cos habitantes da fraga e que Wenceslao comeza tirando de tradición para explicar como chegan os ofidios ata o lugar. A razón está nunha meiga que un día parou en Cecebre, peiteouse e lavou a cara nunha charca. Alí quedaron sete pelos que se converteron en sete réptiles que se estenderon por todo o país. Ata aí nada que rompa co lirismo e coa carga naturalista de *El bosque animado*. O problema xorde cando Carabullo se cruza un día cun home. Pensa que este, como o resto dos aldeáns, correrá detrás dela para matala. Non obstante, esta persoa escapa aterrada:

Fué el hombre el que retrocedió, dando un brinco atrás, extendidos los dedos índice y meñique de ambas manos, descompuesto el semblante, gritando con un acento que no era de los hombres de estas tierras:

—¡Ozú! ¡Lagarto, lagarto!

O xiro humorístico co que finaliza o artigo, un tanto forzado, rompe o ambiente melancólico, duro e pesimista que debuxa Fernández Flórez na fraga de Cecebre. Pensemos na toupeira Furacroyos e na súa esposa, nas moscas do Pobo Pardo, no gato Morriña, no vagalume ou nas troitas do río Mero. Son personaxes que nos introducen en historias onde, de existir o humor, este é máis sutil e serve para introducirnos nunha atmosfera dura e de supervivencia. Todo ten un lugar e é crible. Non

hai xiros que boten por terra un universo onde os animais sobreviven a duras penas ao home ou á natureza mesma. De tal forma que situar sen máis a un andaluz na fraga implicaría romper esa homoxe- neidade formal da obra.

Dos seis artigos publicados en *ABC*, dous non aparecerán no libro que verá a luz case dúas décadas despois. Con todo, outros tres artigos transformáronse en capítulos nos que os cambios son mínimos. E outro artigo prodúcese de forma parcial, adaptándoo nunha das estancias da novela.

Estes son os artigos que se agrupan no diario *ABC* baixo o título de “Por la escondida senda”. Indicamos o subtítulo e a data:

1. “La marcha de ‘Carabullo’”. Publicado o 12/09/1924 e non reproducido na novela.
2. “El clan de los gatos”. Publicado o 18/09/1924 e incorporado á novela de forma case íntegra.
3. “El alma en pena de Fiz Cotobelo”. Publicado o 20/09/1924 e incorporado á novela de forma case íntegra.
4. “La lucecita pálida”. Publicado o 24/09/1924 e incorporado á novela de forma case íntegra.
5. “Las terribles ideas de ‘Cuscús’”. Publicado o 30/09/1924 e adaptado á novela.
6. “Opiniones de un malhumorado”. Publicado o 02/10/1924 e non reproducido na novela.

Ao ler os subtítulos é moi sinxelo saber que columnas forman parte da novela. Fernández Flórez non só respecta os textos de tres historias, senón que tamén reproduce na estancia o nome que lles daba no xornal:

- Estancia III: “El alma en pena de Fiz Cotobelo”.
- Estancia VI: “El clan de los gatos”.
- Estancia XIII: “La lucecita pálida”.

O último dos artigos, subtulado “Opiniones de un malhumorado” non figura na novela de 1943 porque tampouco ten acomodo formal nin temático. Fernández Flórez pecha esa serie de columnas cun escrito moi diferente dos demais. Á súa casa acode Quintán, un amigo que vive só no alto dun monte. Non hai ningunha historia arredor da fraga. Só unha conversa entre dous amigos sobre cuestións como a soidade ou o amor:

–¿Trabaja usted mucho en la aldea?

–No..., mucho no... El campo tiene un no sé qué de sedante...

–No, no es por eso –grita triunfalmente él–; todos ustedes trabajan poco en el campo. ¿Por qué? Porque vienen a elaborar en él ideas que el ambiente convencional de los círculos les parecieron grandes, y que aquí, en el contraste con la Naturaleza, se les aparecen como son: artificiosas y convencionales; pequeñas, pequeñas... Porque sospechan de pronto que el hombre no es como se cree en el recinto de las ciudades. Conozco la literatura de la época, me he atiborrado con disgusto de las novelas que se escriben ahora. ¿Y qué son? Problemas de amor. Nuestros bisabuelos también escribían acerca de eso. ¿Qué me importa a mí el proceso minucioso de los sentimientos de un sujeto enamorado de una señorita? Se me dirá: “Es lo eterno”. Pero también hay otras necesidades eternas, acerca de las cuales nadie osaría escribir. ¿Pretenden ustedes, acaso, resolver eso que se llaman “el problema amoroso”? Enhorabuena; mas el camino elegido no conduce a nada. Modifiquen el concepto de familia y el de pudor (ambos convencionales y, por lo tanto, rectificables) y cambiará el sentimiento amoroso. Quizá surjan entonces otros problemas, pero serán otros, y las disquisiciones acerca de ellos serán nuevas también, y tardarán algo en aburrirnos.

Descubrimos neste fragmento opinións moi próximas ás que Wenceslao expresou noutras columnas ao longo da súa traxectoria profesional, pero nada que nos recorde a *El bosque animado*. Unicamente o detalle de que o nome do seu amigo, Quintán, coincide co dun lugar próximo a Cecebre, a que se fai referencia nas estancias II, IV, XI e XVI da novela. Pero nada máis.

Pola súa banda, a colaboración subtulada “Las terribles ideas de ‘Cuscús’” reproducése en parte na estancia V do libro (“Las mujeres perdidas del bosque”). En *ABC* o escritor reproduce a conversación que ten co seu veciño Espelousín sobre os cans. Con todo, na novela o diálogo xorde entre as irmás Roade, que queren un animal para gardar a leira, e un señor pálido e mal vestido que prepara unha tese para unha oposición. Hai frases enteiras onde Wenceslao non cambia nada. Pero noutras partes adapta o texto ao novo contexto.

Vexamos a versión inicial en *ABC*:

–Es verdad que ellos son nuestros guardianes lealtísimos, y, sin embargo... Hace algún tiempo, amigo mío, he comenzado a pensar que cometemos una terrible imprudencia otorgando al perro ese papel en la sociedad; una imprudencia que puede costarnos gravísimos disgustos.

Hizo esa pausa importante que, en los tiempos que corren, no hacen sino los personajes de los cuentos y los pequeños propietarios rurales, y continuó.

Velaquí a publicación en *El bosque animado*:

–Es verdad que ellos son nuestros guardianes lealtísimos, y, sin embargo... Hace algún tiempo, señoras mías, he comenzado a pensar que cometemos una terrible imprudencia otorgando al perro ese papel en la sociedad; una imprudencia que puede costarnos gravísimos disgustos.

–¿Es posible? –exclamaron las dos hermanas, prontas siempre a alarmarse.

–El hombre iba andando junto a ellas, encorvada su flaca figura. Y continuó.

Hai outros pequenos cambios, como o nome do can sobre o que se centra o discurso. Si aparecerá outro can co mesmo apelativo na estancia IX, “El pueblo pardo”). En todo caso, a idea sobre a que vira o capítulo non cambia. De novo comparamos ambos os textos, empezando por un fragmento en ABC:

–No entiendo bien.

–Pues es sencillísimo. Si el perro es evidentemente capaz de entender la propiedad, ¿por qué suponemos que se ha de detener ahí, y que no elaborará reflexiones, y que esas reflexiones no tendrán consecuencias en su conducta? Sólo la estúpida vanidad humana puede cerrar el paso a tal sospecha que... en mí no es ya sospecha, sino seguridad. ¿Conoció usted a Cuscús?

–¿A Cuscús? No.

–¿Al can que yo tenía hace un año?

–Creo recordar. Era un animal muy cariñoso.

–En opinión de mis criados, era un mal perro. Tuvo una época casi de ferocidad, en la que nadie ajeno a la casa podía tocar un fruto ni una flor. Después pasó mucho tiempo meditabundo y como enfermo. Era que filosofaba. Al salir de aquella crisis, su conducta cambió. Todo el mundo podía venir a

robar pavías, que si él ladraba era para advertir al ladrón del peligro de nuestra presencia. Una vez llegó guiando a un mendigo hasta mi comedor. Al fin escapó, y estuvo tres días en el monte. Apareció inesperadamente un domingo a la puerta de la iglesia y mordió a tres personas. Solo yo me fijé en que eran los tres primeros contribuyentes del Concejo. Se trataba claramente de un atentado. La gente dijo que el perro estaba rabioso y lo mató. Pero no estaba rabioso. Había meditado y había encontrado, sencillamente, el comunismo. No se ría. Acostúmbrese a ir pensando que los perros de aldea pueden ser un peligro social.

Continuamos agora co fragmento que aparece en *El bosque animado*. A base é a mesma:

–No entendemos bien.

–Pues es sencillísimo. Si el perro es evidentemente capaz de entender la propiedad, ¿por qué suponemos que se ha de detener ahí, y que no elaborará reflexiones, y que esas reflexiones no influirán en su conducta? Sólo la estúpida vanidad humana puede cerrar el paso a tal sospecha que... en mí no es ya sospecha, sino seguridad. ¿Conocieron ustedes a Metralla?

–No. ¿Quién era Metralla?

–¿Al can que yo tenía hace un año?

–Uno de los perros del pazo. Tuvo una época casi de ferocidad, en la que nadie ajeno a la casa podía tocar un fruto ni una flor. Después pasó mucho tiempo meditabundo y como enfermo. Era que filosofaba. Al salir de aquella crisis, su conducta cambió. Todo el mundo podía venir a robar pavías, que si él ladraba era para advertir al ladrón del peligro de nuestra presencia. Una vez llegó guiando a un mendigo ciego y viejo, hasta el comedor del pazo donde almorzaban sus dueños, los señores D’Abondo. Al fin, escapó; se le vio acompañando a esos chicos desharrapados que cogen piñas en los pinares, y más frecuentemente al perro de los Esmorís, al que sus amos no dan de comer nunca. Luego se retiró a la fraga y no se supo de él... Apareció inesperadamente un domingo a la puerta de la iglesia y mordió a cuatro personas que conversaban en el atrio en espera del tercer toque. Solo yo me fijé en que eran los cuatro primeros contribuyentes del Concejo. Se trataba claramente de un atentado. La gente dijo que el perro estaba rabioso y lo mató.

Pero no estaba rabioso. Había meditado y había encontrado, sencillamente, el comunismo”.

Como indicamos arriba, das 16 estancias unha delas inclúe a readaptación deste artigo. Con todo, hai outras tres estancias que son practicamente un calco das columnas escritas por Fernández Flórez no *ABC*, en plena ditadura de Primo de Rivera. Deste xeito, ao redor do 15% da novela nace como unha colaboración na prensa escrita. Aínda que será en 1943 cando o coruñés as agrupe baixo unha novela onde estas pequenas historias configuran unha unidade con outras novas, para descubriros de forma máis profunda e detallada aos habitantes da fraga.

En palabras de Gabriella Cambosu, *El bosque animado* “presenta una arquitectura narrativa compleja, organizada en 16 capítulos contrasñados por números romanos y denominados Estancias. A cada uno de ellos corresponde un cuento que, aun resultando autónomo por la brevedad y el desenlace cerrado, forma parte de un discurso global más amplio que los abarca” (2009, 598).

Hoxe sabemos que esta arquitectura vén herdada dun medio moito máis limitado como é a prensa escrita. Cada capítulo da novela ten practicamente a lonxitude das columnas orixinais de “Pola escondida senda”. Ademais, o narrador omnisciente do libro non é outro máis que a voz do propio Wenceslao falando de ti a ti aos seus lectores do xornal. Os xuízos que expresa e a proximidade á hora de describir son os mesmos que en 1924 nos descubría por primeira vez o mundo que imaxina xunto á súa casa de vacacións en Cecebre.

É preciso deternos tamén no uso por parte do autor de “Estancias” en lugar do de “Capítulos”. As palabras teñen moita importancia para o coruñés. Segundo o diccionario da RAE, unha estancia é unha “mansión, habitación e asiento nun lugar, casa ou paraxe” ou a “permanencia durante certo tempo nun lugar determinado”. Durante as semanas que está de descanso, Fernández Flórez concibe pequenas secuencias ao redor da fraga. Céntrase nun personaxe e descúbrenos o seu mundo. É dicir, focaliza en cada columna o lugar que ocupa no bosque e a súa importancia. Na posterior novela trata de unir eses pequenos escenarios, relacionar as diferentes historias e que o lector teña unha vista de paxaro global do que sucede baixo a espesura.

Isto podémolo comprobar cun dos grandes personaxes da obra literaria do coruñés. Nace o 20 de setembro de 1924, coa colaboración subtitulada “El alma en pena de Fiz Cotovelo”:

Hace muchos años, cuando la fraga de Cecebre era más frondosa y extensa, Xan de Malvís, más conocido como Fendetestas, pensó –una vez que llenaba de piñas un saco remendado– que aquella espesura podía albergar muy bien a un bandolero. No es que Xan de Malvís viese en tal detalle un complemento romántico de la hosca umbría; mas bien apreció la inexistencia del bandido como una vacante que podía ser cubierta. Y se adjudicó la plaza.

O ladrón de camiños, ao que deu vida na gran pantalla Alfredo Landa no icónico filme de José Luis Cuerda, dáse a coñecer nun periódico. Antes do guiión cinematográfico a prensa recollía a súa mítica frase “¡Alto, me caso en Soria!”. E tamén o seu inesperado encontro cun espectro:

Soy el ánimo de Fiz Cotovelo, el de Cecebre, que anda penando por estos caminos.

¿Quieres unas misas? –preguntó resueltamente Fendetestas, como si las llevara él en el bolsillo.

Nunca vienen mal –parece que respondió el fantasma–. Pero si me ves así, es porque hice en vida la promesa de ir a San Andrés de Teixido, y no la cumplí, y ahora necesito que un cristiano vaya descalzo y peregrinando, en mi lugar, llevando una vela tan alta como yo he sido.

Fronte a isto, a novela permítenos afondar máis na súa personalidade. Ten un maior protagonismo ao aparecer noutras dúas “estancias”, noutros dous “momentos” temporais e espaciais na fraga. E se en *ABC* xa empatizabamos con Fendetestas, na obra escrita farémolo moito máis porque confirmamos que é todo menos un delincuente perigoso.

Pola súa parte, no “El clan de los gatos” Fernández Flórez tamén respecta a idea orixinal de *ABC*. Cambia o nome do mico e engade algúns parágrafos máis na obra literaria. Pero, como podemos comprobar, a copia está aí de forma clara. A columna comeza desta forma:

Mingolín se escapó del pazo al anochecer de uno de los últimos días de Agosto. Mingolín vivía perfec-

tamente junto a las dos viejas fidalgas; sin embargo, a nadie debe extrañar su evasión. El gato ama la libertad más que ningún otro animal de los que el hombre domestica, y pocas veces pasan veinticuatro horas sin que alguno abandone definitivamente la ancha piedra del lar, sobre la que dormita, y se eche al monte, en este rinconcito del mundo.

Mientras, a estancia VI da novela arrinca do mesmo xeito, aínda que con leves cambios:

Morriña se fugó del pazo al anoecer de uno de los últimos días de agosto. Morriña vivía perfectamente con la señorial familia D'Abondo; sin embargo, a nadie debe extrañar su evasión. Al gato no le importa demasiado, pero ama lo extraordinario, la escapada a la ventura, más que ningún otro animal de los que el hombre domestica. Está siempre soñando novelarías y en cualquier ocasión intenta realizarlas. Pocas veces pasan veinticuatro horas sobre la aldea sin que alguno abandone definitivamente la ancha piedra del lar, sobre la que dormita, para echarse al monte.

Na novela a escritura vai engordando, liberada das limitacións do espazo que existen nun xornal. E ese ensanche segue a liña literaria que xa está claramente definida en 1924. Ademais, Fernández Flórez aproveita para desenvolver a trama das estancias. Por exemplo detalla o plan dos gatos para cazar un boi, algo que na columna xornalística sinálase como idea futura.

Por último, na columna “La lucecita pálida” (estancia XIII na novela) cóntase a historia dun vagalume que considera que todas as criaturas do mundo tiñan un don. Todas excepto ela. Tenta facer o ben alí por onde vai. Tras moitos sacrificios, un día atópase coa Nai Natureza. Esta confésalle que alí onde o lucecú ve cousas maravillosas, hai elementos perigosos. Así, as sutís arañeiras son trampas mortais, o bonitos cabeiros do elefante serven para abrir os ventres das súas vítimas e a bela pel do tigre serve para camuflalo antes de dar caza a unha nova vítima. Por esa razón, na versión do *ABC* o vagalume decidiu apartarse desde ese momento do ben:

Y la luciérnaga marchó llena del rencor de la injusticia, y odió lo creado tanto, tanto, que su corazón

se inflamó entonces con la llama lívida del odio impotente.

Si la luciérnaga pudiese soplar en esa lucecita y agigantarla, incendiaría el mundo.

Fronte a isto, o final da novela é diferente. O vagalume dóese do que lle conta a Nai Natureza, pero en ningún caso indica que vaia a deixar de facer o ben. É máis, castígana dándolle un don que antes non tiña:

Y volvió a su zarzal. Y en cuanto hubo llegado e hizo su salida nocturna, vio que brotaba de su cuerpo un resplandor pálido, entre verdoso y azul, que hacía de ella un brillante a la luz o un trocito de estrella. Comprendió que la Naturaleza había querido castigar su osadía haciendo que hasta en las tinieblas se viese su humilde condición de gusano que la delatase a sus enemigos.

A pesar de que a súa obra periodística permanece esquecida, é fundamental conectala coa literaria. Fernández Flórez é un escritor que colabora con numerosas publicacións periódicas, nas que lanza páxinas de gran calidade. Pensemos que o xornalismo de entón non é como o actual. E que as grandes plumas españolas pasaron pola prensa escrita. Só en *ABC*, onde aparece *El bosque animado*, podemos encontrar colaboracións de Emilia Pardo Bazán, Valle-Inclán, Juan Ramón Jiménez ou Pérez de Ayala antes de 1920, ou de Gómez de la Serna, Rubén Darío ou Eugenio D'Ors unha década máis tarde. Por non falar que en 1930 Fernández Flórez era dos escritores máis lidos en España e nas páxinas do diario monárquico compartiu firma con Pío Baroja, Rafael Alberti, Antonio e Manuel Machado, Ramiro de Maeztu ou Álvaro Cunqueiro.

Non cremos que a conexión entre *El bosque animado* e a prensa escrita sexa única. É máis, consideramos que cando Fernández Flórez indica que utiliza nos seus artigos ideas que permitirían escribir unha novela, se trata dunha afirmación dende a experiencia. Pero isto non quere dicir que esas ideas non as reaproveite máis adiante. É só unha cuestión de tempo. Isto permítenos explicar as conclusións de investigadores como Héctor Paz Otero:

Aunque publicadas con 26 años de diferencia, entre *Volvoreta* y *El bosque animado* siempre ha

POR LA ESCONDIDA SENDA

EL ALMA EN PENA DE FIZ COVELOLO.—Hace muchos años, cuando la fraga de Cecebre era más frondosa y extensa, Xan de Malvis, más conocido por *Fendetestas*, pensó—una vez que llenaba de piñas un saco remendado—que aquella espesura podía albergar muy bien a un bandolero. No es que Xan de Malvis viese en tal detalle un complemento romántico de la hacha umbría; más bien apreció la inexistencia del bandido como una vacante que podía ser cubierta. Y se adjudicó la plaza.

Cuando *Fendetestas* emprendió la higiénica vida del ladrón de caminos no disponía más que de un pistólón probado algunas veces en las reyertas de romería, y cuyo cañón, embohecido y atado con cuerdas, parecía casi el cañón de un trabuco. *Fendetestas* llevó también a la fraga un ideal: robar la casa de algún cura. No hubo ni hay en el campo gallego un solo ladrón que no haya robado a un cura o soñado en robarle. Es un tópico de la profesión. Puede ocurrir que los curas sean más pobres que los

mismos labriegos, pero esto no librará a sus casas del asalto. Ignoro el espejismo o la voluptuosidad que incita a los ladrones a preferir estas empresas, pero puedo afirmar que si desapareciesen súbitamente de Galicia todos los curas, todos los ladrones se encontrarían desconcertados y con la aprensión angustiosa de que se había acabado su misión en las aldeas.

Xan de Malvis pensó, naturalmente, en robar a un párroco, pero aplazó su proyecto para cuando hubiese adquirido cierta perfección en el oficio. Las primeras semanas las dedicó a desvalijar a los labriegos que volvían de vender ganado en las ferias. Se tiznaba grotescamente el rostro, y aparecía en lo sumo de la correloira dando brinco, apuntando con el pistólón, y gritando, para amedrentar a sus víctimas:

—¡Alto, me caso en Soría!

Y no le iba mal. Apaño el primer mes diez y ocho duros, más de lo que ganaría en un lustro siendo erialdo en el pazo de la montaña. Contó lo suficiente, dormía en una cueva arcillosa que iba dando, poco a poco, a su traje la dureza de una tabla, y entretenía sus largos ocios haciendo trampas para pájaros. Por las noches, miraba largamente la luna, oía ladrar los perros de

las aldeas, rezaba un Padrenuestro y resbalaba hasta el sueño pensando:

—El día que me resuelva a robar en la casa del cura...

Verdaderamente, no le iba mal. Pero una noche en que la inquietud le había arrojado de su guarida llevándole a vagar cautelosamente por lo más intrincado de la fraga, tuvo una visión que le llenó de pavor. Por entre robles y castaños, siguiendo las sinuosidades de un senderillo casi cubierto por los tojos, vio avanzar un fantasma. Era un fantasma enteramente igual a cualquier otro fantasma aldeano. Venía envuelto en una blanca sábana, traía una luz sobre la cabeza y arrastraba unas cadenas que chirriaban al rozar con los pedriscos del camino. Xan de Malvis se había disfrazado muchas veces de espectro en sus aventuras amorosas para no comprender que aquella era auténticamente un alma en pena. Tan asustado quedó, que ni habla tuvo para conjurar la aparición inesperada. Corrió hacia su cueva, arañándose en las zarzas, y no concilió el sueño hasta el amanecer.

Dos noches después casi tropezó con el mismo fantasma, junto a las rocas cubiertas de musgo que amparaban su guarida.

ABC, 20/09/1924.

existido un vínculo motivado por el paralelismo del paisaje rural gallego y por la clara analogía que se establece entre sus personajes. De hecho, *El bosque animado*, pese a no ser cronológicamente su última novela, analizada con perspectiva reúne en un relato coral las inquietudes que Fernández Flórez ha ido diseminadamente desarrollando a lo largo de su extensa obra anterior, lo cual nos lleva a considerarlo una suerte de texto epílogo. Por esta razón, no nos resulta dificultoso encontrar, entre la fauna humana de *El bosque animado*, personajes claramente emparentados con los protagonistas de *Volvoreta*. (2017, 48)

Hoxe sabemos que non existe tanta diferenza de tempo entre unha novela e a concepción da outra. Na prensa xa nace ese reparto coral dos personaxes e o eixo de gravidade xira arredor dun mundo rural, coas súas propias convencións e regras.

Tamén xorde a estrutura, aínda que da lonxitude estándar dunha columna pasamos á flexibilidade e á interconexión das estancias. As súas obrigas laborais non lle permitiron ata anos máis tarde desenvolver todo o potencial da fraga de Cecebre. Pero o embrión xa estaba creado. Fernández Flórez cambiaralle o nome aos seus personaxes ou modificará parágrafos, ou incluso creará novos escenarios e protagonistas, pero a base segue intacta. En 1924 hai un certo desequilibrio, en canto que as historias teñen máis tendencia á fábula, ao estaren protagonizadas sobre todo por animais (a serpe, os gatos, o vagalume, o can). En 1943 desenvolve o personaxe de *Fendetestas* e nacen outros que lle permitan ao lector enfrontarse cunha novela máis compensada, onde a fame, a pobreza e a dor se vexan reflectidos nos rostros de Pilara, Marica da Fame, Geraldo ou Hermelinda.

BIBLIOGRAFÍA

- CAMBOSU, G. (2009). *El bosque animado* de Wenceslao Fernández Flórez: Vuelta al vientre de la Madre Tierra, *Boletín de la REAL ACADEMIA de EXTREMADURA de las LETRAS y las ARTES*, Tomo XVII, pp. 597-609.
- FERNÁNDEZ FLÓREZ, W. (1914). Un fracasado, *El Noroeste*, 28/04/1914.
- FERNÁNDEZ FLÓREZ, W. (1923). Impresiones de un hombre de buena fe, *ABC*, 27/09/1923.
- FERNÁNDEZ FLÓREZ, W. (1943). Wenceslao Fernández Flórez dice..., *Finisterre. Revista de Galicia*, diciembre.
- FERNÁNDEZ FLÓREZ, W. (1946). ¡No me hable de los cafés! Wenceslao Fernández Flórez fue cojo por sugestión, *Cartel. Revista de Galicia*, nº 9, año II.
- FERNÁNDEZ FLÓREZ, W. (1964). *Obras Completas*. Madrid: Aguilar.
- GÓMEZ SANTOS, M. (1958). W. Fernández Flórez. *Pequeña historia de grandes personajes*. Barcelona: Ediciones Cliper.
- GONZÁLEZ RUANO, C. (1970). *Diario íntimo (1951-1965)*. Madrid: Taurus Ediciones.
- GONZÁLEZ RUANO, C. (2003). *Obra periodística (1943-1965)*. Madrid: Fundación Cultural Mapfre Vida.
- MARTINÓN, M. (1990): Prólogo de *El bosque animado*. Madrid: Espasa-Calpe
- PAZ OTERO, H. (2017). *Volvoreta: luz y espejo, Volvoreta. Revista de Literatura, Xornalismo e Historia do Cinema*, nº 1, pp. 45-53.
- RODRÍGUEZ YORDI, J. (1974). "Wenceslao Fernández Flórez", *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 356, diciembre.